



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- CASA CONSISTORIAL, XOVES 30 DE NOVIEMBRE DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

PRESIDE:

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

ASISTEN:

AUSENCIAS:

PP

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

SECRETARIA / INTERVENTORA:

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 27/07/2017 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- ESCRITOS OFICIAIS

2.1.1.- RESOLUCION DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL DE CONCESIÓN DE ANTICIPO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática remitida por Agader, con rexistro de entrada no concello co número 2440 en data 26/10/2017, na que resolve a concesión de anticipo de 29.388,50 €uros da anualidade 2017 da obra Mellora e mantemento de camiños en Boimorto: Capela de San Brais e Abaiuca, obra subvencionada no marco do Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA O INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI DE BOIMORTO)

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática remitida da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada no concello co número 2448 en data 27/10/2017, na que se resolve a concesión de axuda de 32.902,88 €uros para o PAI coa seguinte desagregación:

a) Obras menores para adecuación e mellora das infraestruturas: por importe de 20.000 €

b) Adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

exterior e de material didáctico e de xogo: por importe de 11.552,88 €

c) Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula por importe de 1.350 €

A xustificación da subvención presentarase con data límite do 5 de decembro.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DE AGADER MODIFICACIÓN DATA FINAL DE XUSTIFICACIÓN DE AXUDA CORRESPONDENTE AO EXPEDIENTE L17 1920 20 0016 "ACONDICIONAMENTO DO CENTRO DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DE ARCEO (CONCELLO DE BOIMORTO)"

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por medios telemáticos e por correo postal, con rexistro de entrada no concello co número 2466 e 2575 en data 30/10/2017 e 9/11/2017, na que se resolve emitir a resolución de concesión de ampliación do prazo máximo para a execución e para a presentación da documentación xustificativa ata o 15 de novembro de 2017, para os gastos correspondentes á anualidade 2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DO ORGANISMO AUGAS DE GALICIA DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO EN RELACIÓN COA SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN AUTORIZACIÓN DE VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS DA EDAR DE BRATES

Pola secretaria lémbrese aos sres. Concelleiros que na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local en data 27 de xullo do presente ano da conta da proposta de resolución en relación coa solicitude de modificación autorización de vertido de augas residuais da Edar de Brates, e nesta sesión dáse conta da resolución remitida de Augas de Galicia, con rexistro de entrada no concello co número 2602 en data 14/11/2017, na que se resolve modificar integramente o condicionado da autorización de vertido outorgada a favor do Concello de Boimorto para as instalacións de referencia por resolución desta entidade de data 23/11/2011. En dita resolución se transcribe a nova redacción dos condicionantes, sendo un deles o envío dos resultados analíticos anualmente e o primeiro no prazo DUN (1) MES, a contar dende a finalización das obras de construción das instalacións de depuración e de evacuación das augas residuais.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e considerando que pola empresa adxudicataria das obras "Mellora do vertido da depuradora de San Pedro de Brates", subvencionada pola Deputación Provincial no marco do Plan de Medio Ambiente 2016 xa as finalizou, acordan que se realice o control do vertido para remitir a Augas de Galicia.

2.1.5.- NOTIFICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA AUTORIZANDO AS OBRAS DE MELLORA E MANTEMENTO DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución da directora xeral do patrimonio cultural sobre unha intervención no Camiño de Santiago, con rexistro de entrada no concello co número 2613 en data 14/11/2017, na que se notifica a resolución de data 7/11/2017 na que se resolve autorizar as obras de mellora e mantemento de camiños de titularidade municipal situados no ámbito da capela de San Brais e A Baiuca, do termo municipal de Boimorto, de acordo co cumprimento das condicións reflectivas no punto 4 dos antecedentes e consideracións técnicas desta resolución.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- NOTIFICACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA AUTORIZANDO AS OBRAS DE REFORMA DA CUBERTA DA GARDERÍA MUNICIPAL

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución da directora xeral do patrimonio cultural



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

sobre unha intervención no Camiño de Santiago, con rexistro de entrada no concello co número 2614 en data 14/11/2017, na que se notifica a resolución de data 7/11/2017 na que se resolve autorizar as obras de reforma da cuberta da gardería municipal situada na Travesía Casal de Munín, no termo municipal de boimorto.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- REQUERIMENTO DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DE EMENDA DE DEFICIENCIAS NA AUTORIZACIÓN DE MODIFICACIÓN DO CENTRO DE DIA DE PERSOAS MAIORES DE BOIMORTO

Pola secretaria dáse conta do requerimento da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, con rexistro de entrada no concello co número 2707 en data 22/11/2017, no que se achega informe técnico de data 10/11/2017 de supervisión de centros de servizos sociais en relación ao proxecto de construción de nova sala de convivencia na miniresidencia de Boimorto, comunicando que a documentación achegada non está completa, falta a seguinte:

- . planos impresos do estado reformado do proxecto a escala: 1/100
- . planos, impresos e en soporte dixital, de cumprimento da normativa de seguridade en caso de incendios DB SI. Estes planos deben incluír as plantas completas.

A emenda das deficiencias sinaladas deben acreditarse no prazo non superior a un mes. Deberase aportar a documentación en soporte papel e informático CD.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Pola secretaria dáse conta da resolución enviada telemáticamente da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada no concello co número 2714 en data 22/11/2017, na que se resolve conceder unha subvención ao concello de Boimorto por importe de 22.500,00 €uros, equivalente aos custos salariais totais de contratación de persoal temporal para o servizo obxecto da solicitude: servizos múltiples personalizados e de utilidade colectiva

| Nº CONTRAT | OCUPACIÓN | GRUPO COTIZ. | % XOR. | MESES | IMPORTE SUBVENCIÓN |
|------------------|----------------------|--------------|--------|-------|--------------------|
| 1 | AUX. AXUDA DOMICILIO | 9 | 100 | 9 | 11.250,00 |
| 1 | AUX. AXUDA DOMICILIO | 9 | 100 | 9 | 11.250,00 |
| TOTAL SUBVENCIÓN | | | | | 22.500,00 |

A data límite para formalizar as contratacións é o día 15 de decembro de 2017 e a data límite para remitir á xefatura territorial a documentación xustificativa para o pagamento é o día 20 de decembro de 2017

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- ESCRITO DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS DA CONSELLERÍA DE FACENDA COMUNICANDO O IMPORTE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE BOIMORTO NO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DO ANO 2017

Pola secretaria dáse conta do escrito da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con rexistro de entrada no concello co número 2801 en data 29/11/2017, comunicando o importe da



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

participación do Concello de Boimorto no Fondo Adicional ao Fondo de Cooperación Local do ano 2017 é de 10.048,72 €

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CONCESIÓN PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS PENDENTES DE EXECUTAR INCLUÍDOS NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 2459 en data 27/10/2017, na que se resolve conceder unha prórroga do prazo de execución das obras de Ampliación de miniresidencia incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015, ata o 30 de xuño de 2018.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 2 DA OBRA AMPLIACIÓN DE MINIRESIDENCIA INCLUIDA NO PLAN DE ACCION SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2484 en data 31/10/2017, na que se aproba a certificación número 2 da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e que se lle pague ao concello de Boimorto a cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación a cantidade de 30.984,57 € o 100% do total da certificación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.12.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE CORRECCIÓN DO ERRO DOS IMPORTES DAS ACHEGAS PROVINCIAIS 2017 E 2018 DO POS + 2018 (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS)

Pola secretaria dáse conta da circular telemática enviada dende o servizo de xestión de plans da Deputación Provincial, con rexistro de entrada neste concello co número 2576 en data 9/11/2017, de corrección de erros dos importes das achegas provinciais 2017 e 2018 comunicados a través da circular de aprobación das bases reguladoras do (plan único de concellos) POS+ 2018, sinalando as cantidades correctas asignadas a este concello son as seguintes:

| CONCELLO | | | | |
|----------------------|------------------------|------------------------|---------------------------|------------|
| ASIGNACIÓN POS+ 2018 | Achega provincial 2018 | Achega provincial 2017 | Préstamo provincial 2'018 | TOTAL |
| | 214.675,73 | 210.625,24 | 190.372,82 | 615.673,79 |

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.13.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CONCESIÓN DE OFICIO UNHA PRÓRROGA DO PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE TODOS OS INVESTIMENTOS PENDENTES DE ADXUDICAR INCLUÍDOS NO POS+ 2017 (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS)

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 2577 en data 9/11/2017, na que se resolve conceder de oficio unha prórroga do prazo de adxudicación ata o 30 de xuño de 2018 a todos os investimentos pendentes de adxudicar incluídos no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+ 2017), Plan único de concellos.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.14.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

DESENVOLVEMENTO RURAL RELATIVA A SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN EN PROPIEDAD DA PARCELA 362 DE SAN VICENTE DE ARCEO

Pola secretaria dáse conta do escrito do subdirector de Mobilidade Terras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural , con rexistro de entrada neste concello co número 2578 en data 9/11/2017, no que se require a emenda da solicitude e de achega de datos ou documentos complementarios en relación coa solicitude para a transmisión en propiedade mediante adxudicación directa e a título gratuito da parcela número 362 de Arceo.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.15.- DOCUMENTO ADMINISTRATIVO DE ENTREGA DE POSESIÓN DE BENS INMOBLES DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL AO CONCELLO DE BOIMORTO DE NOVE PREDIOS DECLAROS NON APTOS PARA OS FINS DO BANCO DE TERRAS DE GALICIA

Pola secretaria dáse conta do documento administrativo de entrega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural asinado en data 27 de outubro de 2017, con rexistro de entrada no concello co número 2471 en data 31/10/2017 xunto cos títulos de propiedade das nove parcelas declaradas non aptas para os fins do Banco de Terras de Galicia:

| Nº informe | Nº Expediente | Referencia catastral | Polígono de concentración | Parcela de concentración | Nome da zona de concentración parcelaria |
|------------|---------------|----------------------|---------------------------|--------------------------|--|
| 1 | 20071500306 | 15010A507002470000JF | 2 | 247 | Arceo |
| 2 | 20071500317 | 15010A507005830000JS | 4 | 583 | Arceo |
| 3 | 20071500318 | 15010A507000630000JR | 1 | 63 | Arceo |
| 4 | 20071500319 | 15010A507002120000JP | 2 | 212 | Arceo |
| 5 | 20071500327 | 15010A505001540000JH | 1 | 154 | Buazo |
| 6 | 20081500316 | 15010A507005330000JL | 4 | 533 | Arceo |
| 7 | 20101500110 | 15010A508005320000JW | 6 | 532 | Dormeá |
| 8 | 20111500015 | 15010A508001320001KP | 2 | 132-1 | Dormeá |
| 9 | 20111500024 | 15010A508004560000JX | 4 | 456 | Dormeá |

O concello realizará pola súa conta a correspondente alta, baixa ou modificación no Catastro Inmobiliario, as inscricións, as anotacións e as altas no rexistro da propiedade ou noutros rexistros que correspondan.

Todos os custos e impostos que se deriven da nova titularidade do concello serán de conta do concello.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.16.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL INFORMANDO SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 2607 en data 14/11/2017, informando que o Pleno Corporativo do 27.10.2017, aprobou unha modificación das bases reguladoras do "Plan provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016" no que atinxe ao prazo de xustificación previsto na base 9 e á posibilidade dun plan adicional que lles permita aos concellos aproveitar as economías producidas nos investimentos.

Deste xeito, os concellos terán que ter contratadas, executadas e xustificadas as actuacións nos seguintes prazos:

- Actividades: 30.11.2017, ás 14:00 horas.
- Investimentos: 31.03.2018, ás 14:00 horas.

Os concellos poderán aprobar un plan complementario e presentar a través da plataforma



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

SUBTEL a documentación correspondente, antes do 31.03.2018

Os proxectos que se poden incluír no plan complementario teñen que acadar un mínimo de 5.000 € e terá que estar contratados, executados e xustificados antes do 31.10.2018

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.17.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE LEVANTAN AS CONDICIÓN DOS INVESTIMENTOS DO CONCELLO DE BOIMORTO INCLUÍDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2608 en data 14/11/2017, pola que se resolve considerar cumpridas as condicións ás que foron sometidos, os seguintes investimentos do Concello de Boimorto incluídos no Plan complementario, toda vez que o concello presentou a documentación xustificativa do seu cumprimento:

| Concello | Código / Plan | Denominación investimentos | Total | Condicións cumpridas |
|----------|----------------------------------|---|-----------|--|
| BOIMORTO | Plan complementario ao POS+ 2017 | Mellora de camiños nas parroquias de Cardeiro e Boimil | 30.205,65 | Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural |
| | | Mellora de camiños nas parroquias e Andabao, Buazo, Sendelle e Mercurín | 46.865,32 | Autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural |

Poñendo de manifesto que estes investimentos do Plan complementario segue condicionado a que se aprobe pola deputación a súa inclusión no POS+Adicional 1/2017, circunstancia que se lle notificará no seu momento mediante a correspondente circular.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.18.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 3 DA OBRA AMPLIACIÓN DE MINIRESIDENCIA INCLUIDA NO PLAN DE ACCION SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2719 en data 22/11/2017, na que se aproba a certificación número 3 da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e que se lle pague ao concello de Boimorto a cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación a cantidade de 44.587,40 € o 100% do total da certificación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.19.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN NÚMERO 4 DA OBRA AMPLIACIÓN DE MINIRESIDENCIA INCLUIDA NO PLAN DE ACCION SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2720 en data 22/11/2017, na que se aproba a certificación número 4 da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e que se lle pague ao concello de Boimorto a cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación a cantidade de 29.686,73 € o 100% do total da certificación.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.20.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN CERTIFICACIÓN



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

NÚMERO 5 DA OBRA AMPLIACIÓN DE MINIRESIDENCIA INCLUIDA NO PLAN DE ACCION SOCIAL (PAS) 2015

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo presidente da Deputación da Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2721 en data 22/11/2017, na que se aproba a certificación número 5 da obra Ampliación de miniresidencia en Boimorto incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e que se lle pague ao concello de Boimorto a cantidade que lle corresponde satisfacer á Deputación a cantidade de 27.942,06 € o 100% do total da certificación. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.21.- ESCRITO DA XEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO DA CORUÑA ADXUNTANDO BOLETIN DE DENUNCIA VEHICULO ESTACIONADO NA DP-1002

Pola secretaria dáse conta do escrito do xefe da unidade de sancións da Xefatura Provincial de Tráfico A Coruña, con rexistro de entrada neste concello co número 2739 en data 24/11/2017, acompañado de boletín de denuncia, por infraccións a normas de circulación ocorridas en vía de competencia municipal, estrada DP-1002 na data 14/09/2017 en rúa Gándara, sentido Arzúa, estacionamento do vehículo C9978AY. Importe total multa 80,00 €uros. Importe reducido: 40,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.22.- RESOLUCIÓN DA COMISIÓN NACIONAL DOS MERCADOS E A COMPETENCIA RELATIVA AO EXPEDIENTE DE CANCELACIÓN DE ENTIDADES XURÍDICAS DA SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO DE OPERADORES

Pola secretaria dáse conta da resolución da Comisión nacional dos mercados e a competencia, con rexistro de entrada número 2702 en data 22/11/2017, pola que se procede á modificación de datos, á extinción da condición de operador de determinadas persoas xurídicas de natureza xurídico-pública e á cancelación da súa inscrición no Rexistro de Operadores.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ASUNTOS PARTICULARES

2.2.1.- SOLICITUDE DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO INTERESANDOSE POLA PARCELA 362 DESTINADA POLOS VECIÑOS AO CAMPO DE FÚTBOL

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado no rexistro telemático do concello o presidente da Asociación de vecinos de Arceo, con rexistro de entrada número 20179990000014 en data 24/11/20107, no que expón que hai uns anos preguntaron polo campo de fútbol e non tiveron resposta e nestos últimos quixeron facer un evento deportivo e foron informados de que non podemos nin siquiera entregar na finca porque está incorporada ao Banco de Terras e só dende este Banco de Terras poderíamos obter permiso para tal fin e SOLICITA:

<<Se lle traslade a nosa inqueda o Banco de Terras dende o Concello, a sabendas que nos tamen reclamaremos directamente o Banco de Terras esta situación entendemos anómala.

Que se nos informe a cerca de:

Se está ou non disponible para uso vecinal a finca situada na Zona: 0 Polígono: 507 Parcela: 362, Se é que non está disponible, coñecer como se puido dar outra clasificación diferente á disposta na concentración parcelaria e o PXOM, para incorporar no Banco de Terras.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e por unanimidade **ACORDAN: ÚNICO.-** Informar á asociación de veciños que chegou ao Concello un requerimento de documentación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural relativa á solicitude de transmisión en propiedade da parcela en cuestión e que se están realizando as xestións pertinentes para dar resposta ao referido requerimento.

3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN ANGUIEIRO Nº 6 (ÁNXELES)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2492 con data 2/11/2017, presentada por Dna. María del Carmen Amil Cardesín, DNI núm. 33132378G con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Quintás nº 9, Ánxeles, 15816 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Angueiro nº 6, da parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 06/11/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a Dna. María del Carmen Amil Cardesín, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Angueiro número 6 da parroquia de Ánxeles, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo á interesada xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN PIÑEIRO Nº 22 (CARDEIRO)

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2562, con data 8/11/2017, presentada por D. Manuel González Sánchez, DNI núm. 33132700G con domicilio a efectos de notificacións en Lg. Piñeiro nº 22, Cardeiro, 15818 Boimorto, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Piñeiro nº 22, da parroquia de Cardeiro, deste termo municipal.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Visto o informe do técnico municipal de data 15/11/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar a D. Manuel González Sánchez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Piñeiro número 22 da parroquia de Cardeiro, deste termo municipal.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

5.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos Sociais

INFORME EMITIDO POR: María Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 29/11/2017

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia e podoloxía as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- JESUSA ENJAMIO VARELA (R.E. 2438 data 26/10/2017) – **FISIOTERAPIA**

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2.- JOSÉ GÓMEZ GARCÍA (R.E. 2457 data 27/10/2017) – FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

3.- SECUNDINA SÁNCHEZ PORTOS (R.E. 2529 data 7/11/2017) – FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

4.- JULIO REY COSTOYA (R.E. 2569 data 8/11/2017) – FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

5.- TERESA REY PÉREZ (R.E. 2646 data 16/11/2017) – FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

6.- ROGELIO GARCÍA RODRÍGUEZ (R.E. 2647 data 16/11/2017) – FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

7.- DOSINDA PETEIRO VARELA (R.E. 2648 data 16/11/2017) – PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

8.- MERCEDES SESAR OTERO (R.E. 2656 data 17/11/2017) - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a Jesusa Enjamio Varela, José Gómez García, Secundina Sánchez Portos, Julio Rey Costoya, Teresa Rey Pérez, Rogelio García Rodríguez e Mercedes Sesar Otero e no servizo de podoloxía a Dosinda Peteiro Varela.

SEGUNDO.- Notificar os/ás beneficiarios/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro de 2017. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

6.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE NOVEMBRO 2017

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de 29/11/2017 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 25/10/2017 e o 29/11/2017 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397.

INFORMO:

1º.- Que causaron baixa no servizo de axuda no fogar por libre concorrencia os seguintes usuarios: D. Antonio Sánchez Barreiro, bixa realizada de oficio polos servizos sociais ao non residir o usuario no domicilio e Dna. M^a. Carmen García por pasar a ser usuaria do servizo por dependencia o día 15 de novembro.

3º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de novembro:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

| CRITERIOS DE VALORACIÓN | | | | | |
|--|-------------------|--------------|---|-------------------------|------------------|
| USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRECIA | Autonomía persoal | Apoio social | Situación familiar/ socialiación de menores | Outros aspectos sociais | Total puntuación |
| Ascensión Fandiño López Rúa Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto | 30 puntos | 9 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 43 puntos |
| Josefa Ansele López Lg. Fontiñas (As), 2, Andabao, Boimorto | 32 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 5 puntos | 44 puntos |
| Dolores Novo Gíao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto | 32 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 39 puntos |
| Dolores Seoane Seoane Lg Arosa, Arceo, Boimorto | 34 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 5 puntos | 35 puntos |
| Concepción Graña Sánchez Lg Ponte Boado, Arceo | 20 puntos | 6 puntos | 3 puntos | 4 puntos | 33 puntos |
| Antonio Gómez León Lg Quiñoy- Rodieiros, Boimorto | 10 puntos | 18 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 32 puntos |
| Celia Cajide Rico Lg Gárdoma, Boimil | 32 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 32 puntos |
| Lucía Esther Mejuto García Lg Algalia, Dormeá | 24 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 2 puntos | 32 puntos |
| Benigno López Vázquez Lg Viladóniga, Boimorto | 10 puntos | 18 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 28 puntos |
| Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto | 24 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 1 punto | 28 puntos |
| Faustino Rico Rey Lg Outeiro, Boimorto | 20 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 0 puntos | 23 puntos |
| Mª Josefa Mejuto Taboada Lg Arentía, Andabao, Boimorto | 10 puntos | 6 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 20 puntos |
| Concepción Peteiro Balado Lg Aquelavila, Buazo, Boimorto | 10 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 5 puntos | 18 puntos |
| Gumersinda Castro Souto Lg Outeiro, Boimorto | 5 puntos | 9 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 18 puntos |
| Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg Outeiro, Corneda, Boimorto | 5 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 4 puntos | 12 puntos |
| Ramona García Piñeiro Lg Torre, Andabao, Boimorto | 5 puntos | 3 puntos | 0 puntos | 1 puntos | 9 puntos |

3º.- Que existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia: Causou alta no servizo por dependencia Dna. Mª. Carmen García Ramos á que só lle podemos prestar 15 horas de servizo das 70 que ten recoñecidas por non ter o Concello máis horas dispoñibles.

4º.- Que a lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia queda tal e como se transcribe literalmente no mes de novembro:

| DEPENDENTES | |
|--|---|
| USUARIOS DEPENDENTES | GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS |
| Leonardo Coteló Felpete Boimorto | Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto | Grado III nivel 2, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

| | |
|---|---|
| Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto | Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao | Grado III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas |
| Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto | Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas. |
| Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates | Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada. |
| Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle | Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas. |
| María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto | Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas. |
| María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo | Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas. |
| Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto | Grao III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas. |
| Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto | Grao III, 70 horas concedidas e só 60 efectivamente prestadas. |
| José Casal Mato Lg. Piñeiro, Sendelle, Boimorto | Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas |
| Emilia Enjamio Rodríguez Lg. Corredoiras - Ánxeles | Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas |
| Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto | Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas |
| Jesús Barreiro Nouche Lg. Espiñeiro núm. 10, Boimorto | Grao I, 20 horas concedidas e só 10 efectivamente prestadas |
| Aurora Novo Andrade Lg. Coto Salgueiro núm. 11 - Ánxeles | Grao II, 45 horas concedidas e só 9 efectivamente prestadas a petición da interesada |
| Jesús Cacharrón Portos Lg. Vilanova núm. 3 - Sendelle | Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas |
| Carmen García Taboada Lg Vilanova, Sendelle | Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas |
| Mª del Carmen García García Lg Franzomil, Sendelle | Grao II, 45 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada |
| Ricardo García García Lg Franzomil, Sendelle | Grao III, 70 horas concedidas e só 33 efectivamente prestadas a petición da interesada |
| Carmen Mejuto Rúa | Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas |



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

| | |
|--|---|
| Lg Carretera, Corneda | |
| José Filloy Veiga Lg Souto, Andabao | Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas |
| Carmen Paz Astray Lg Arosa, Arceo | Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas |
